



CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARIA DO PLENO	
Data	08 FEB. 2017
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 55

ROGO PARA A MELLORA DO PARQUE XIXÓN

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos terreos do que no seu día se coñecía como "Finca de Lois" atópase hoxe unha magnífica zona verde encadrada entre as avenidas Xoán XXIII e do Burgo das Nacións, denominada Parque Xixón.

Nestes terreos que suman arredor de 16.000 metros cadrados intégrase unha superficie delimitada por elevados muros que atravesa o regato do Corgo e que atesoura no seu interior un singular paseo de camelios, cuxa antigüidade se estima nuns 400 anos e que son considerados os más antigos da cidade.

Segundo as nosas informacións este espazo pechado non figura entre as propiedades do Concello, pero como consecuencia do desenvolvemento do Plan Especial de Reforma Interior para esta área, o seu uso é público, permanece coas súas portas abertas cun amplio horario ao longo de todo o ano e véñense facendo cargo do seu mantemento os servizos municipais.

A pesar de que o estado desta parcela –ao igual que o do conxunto do Parque Xixón- se pode considerar en xeral bo, hai dous aspectos aos que conviría prestar atención: por unha parte, existe unha luminaria no paseo que percorre a parte superior da finca que se encontra "embutida" entre as espesas ramas dunha árbore, o que lle impide prestar a súa necesaria función; e, por outra parte, nas proximidades, un piñeiro prendeu no medio da parede do muro de peche, ameazando coas súas raíces a solidez deste elemento tan definidor do espazo.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do Concello se dean as instrucións precisas para solucionar a situación da luminaria "camouflada" entre a vexetación e da árbore que ameaza a solidez dunha das paredes da parcela amurallada integrada no Parque Xixón.

Santiago de Compostela, a 3 de febreiro de 2017.

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela